



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPLEO E INDUSTRIA DE LA XUNTA DE GALICIA Y LA FUNDACIÓN SANTA MARÍA LA REAL PARA LA IMPLANTACIÓN DEL PROYECTO LANZADERAS DE EMPLEO Y EMPRENDIMIENTO SOLIDARIO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía, Emprego e Industria formalizou coa Fundación Santa María la Real o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de maio de 2016 ata o 11 de maio de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Fundación Santa María la Real en relación ao proxecto Lanzadeiras.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Fundación Santa María La Real promove a inserción laboral por medio de iniciativas de fomento do emprego e o emprendemento entre as que se atopan as Lanzadeiras de Emprego e Emprendemento Solidario e pretende levar a cabo diversas Lanzadeiras dirixidas a xovenes en distintas localidades galegas, e sendo a Consellería de Economía, Emprego e Industria a competente en materia de emprego, consideran ambas entidades oportuno establecer mecanismos de colaboración que complementen as políticas públicas de mellora de emprego e que contribúan a reducir os niveis de desemprego e mellorar a calidade do mesmo e esta colaboración se levará a cabo mediante o apoio ao proxecto de Lanzadeiras de Emprego e Emprendemento Solidario.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto



Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago a 8 de agosto de 2016.

asinado dixitalmente)

